

Túmulos prehistóricos no concello de Paderne (A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

O traballo sobre o fenómeno tumular no concello de Paderne (A Coruña), é continuación dos traballos realizados nos anos 2004-05-10-13 sobre os concellos de Monfero, Pontedeume, Irixoa e Vilarmaior, respectivamente, co que imos completando o estudo sobre este fenómeno na zona do Baixo Eume. Ó igual que os traballos anteriores, informamos do entorno e emprazamento dos túmulos, reflectindo cal é na actualidade a situación na que se encontran estes xacementos.

Abstract

The work on the phenomenon tombs in the municipality of Paderne (A Coruña), is the continuation of the works carried out in the years 2004, 2005, 2010 and 2013 over the municipalities of Monfero, Pontedeume, Irixoa and Vilarmaior, respectively. This work completes the study of this phenomenon in the Lower Eume. As in previous works, we report of the location and situation of the tombs, showing which is the situation currently in which are found those deposits.

I-INTRODUCCIÓN

O traballo que agora presentamos, é a continuación dos traballos publicados polos membros da nosa Asociación na zona do Baixo Eume, nos anos 2004-05-10-13¹ nos concellos de Monfero, Pontedeume, Irixoa e Vilarmaior, respectivamente.

Estes traballos sobre túmulos, nos que levamos máis de 250 túmulos localizados entre os ríos Eume ó N e Mandeo ó S, estámolos a completar con outros estudos sobre os gravados rupestres na mesma zona, e que fan do Baixo Eume, nunha das zonas máis ricas en arte rupestre de toda Galicia, con máis de 200 paneis de gravados.

De partida o concello de Paderne, pola súa orografía e ocupación poboacional, podería facernos pensar nuns resultados similares os dos concellos limítrofes, nada máis lonxe da realidade. Unha vez comprobados os escasos datos que hai sobre túmulos deste concello, encontramos con que tan só hai un túmulo inventariado no PXOM, e para colmo está desaparecido. Co cal o traballo tivémolo que empezar de cero, sin referencia algunha.

II - SITUACIÓN XEOGRÁFICA

A zona de estudo comprende o pequeno concello de Paderne duns 39,8 km² situado na área xeográfica das Mariñas orientais. Linda ó N cos concellos de Miño, Vilarmaior e Irixoa, ó L con Irixoa, ó S con Coirós e Betanzos e ó O con Bergondo. Na actualidade está dividido en nove parroquias: San Pantaleón de Viñas, Santa María de Souto, San Salvador

* A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

¹ Publicacións realizadas polo Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, no Anuario Brigantino nº 27, (ano 2004), nº 28 (ano 2005), nº 33 (ano 2010) e nº 36 (ano 2013).

de Velouzás, San Andrés de Obre, San Xoán de Paderne, Santiago de Adragonte, Santo Estevo de Quintás, San Xoán de Vilamourel.

O clima sitúase baixo o dominio climático oceánico-húmido, propio da costa setentrional galega, caracterizado por precipitacións abundantes e unha suavidade térmica.

No aspecto litolóxico está composto maioritariamente por rochas de xistos e granitos granulados de dúas micas, pola parte oriental do concello.

III-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

Como ben sendo costume, para unha mellor comprensión do texto describiremos os túmulos atopados por parroquias de N a S, indicando que non localizamos ningún túmulo nas parroquias de Paderne, Quintás, Vilamourel, Viñas e Obre, aunque si referencias topónimicas nestas dúas últimas parroquias: As Mámoas no lugar de Montecelo (San Pantaleón de Viñas); As Medorras no lugar de San Pedro (San Andrés de Obre).

Santa María de Souto

A parroquia está situada ó NO do concello, en nela localizamos tan só dous túmulos (mapa 1) e unha referencia bibliográfica

1) Mámoa de Rapadoiro (coordenadas UTM 564916 – 4796050, xeográficas 08° 11' 58,27" – 43° 18' 49,34"). Emprazamento (Emp.): Chaira. Altitude (Alt.): 131 m. Regato máis achegado a (Reg.): 365 m. Substrato xeolóxico (Subst.): Cuarzoxistos. Terreo dedicado a (Terr.): Arborado de repoboación. Medidas (Med.): 31 m N-S x 38 L-O e unha altura de 1,50 m polo N e entre 0,80 a 0,40 polo resto; burato de violación 6 m N-S x 7 m L-O e 0,40 de profundidade. Estado de conservación (Est.): Bo. É sin dúbida o túmulo máis grande do concello e un dos máis grande da zona das Mariñas orientais (foto 1).


2) Mámoa do Marco do Trovo (coordenadas UTM 565859 – 4795267, xeográficas 08° 11' 16,75" – 43° 18' 23,66"). Emp.: Chaira. Alt.: 182 m. Reg.: 145m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 21 m N-S x 18 L-O x 0,80 de alto; burato de violación de 6 m N-S x 5,50 L-O x 0,80 de profundidade. Est.: Regular, está cortada ó O por una pista forestal. O túmulo está situado moi preto do linde das parroquia de Velouzás (Paderne) e de Tiobre (Betanzos).

No Catastro do Marqués de la Ensenada² encontramos unha referencia bibliográfica non linde coa parroquia de Viñas, que ben puidera corresponderse coa Mámoa de Rapadoiro, pero non é seguro.

San Salvador de Velouzás

É unha parroquia situada ó N do concello, nela tan só localizamos un túmulo (mapa 1) preto do linde coa parroquia de Tiobre (Betanzos).


² Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio, en referencia á parroquia de Santa María de Souto, folio 3900-v «... principiando su lindes por menor en la parte del L. tomando al Pe. Lohaze, en el aroio, nombrado pequeño, siguiendole a riva, el mismo que le divide, de la feligresia de san Pantaleon das Viñas, por labuelta, de Baltar de a riva, has un marco de Pizarra que se halla, en las chas das modea de Francisco de Anido: de alli sigue a otro marco de Pizarra, que se nombra de Canzela da figueira...» Esta mesma descripción atopámola na mesma pregunta 3 do interrogatorio da parroquia de San Pantaleon de Viñas, folio 4450.



Mapa 1.- Situación dos túmulos das parroquias de Sta. M^a de Souto e San Salvador de Velouzás.



Foto 1.- Mámoa do Rapadoiro.



Mapa 2.- Situación dos túmulos das parroquias de Santiago de Adragonte e San Xiao de Vigo.
En gris sitúanse os túmulos do concello limítrofe de Irixoa.

3) Mámoa do Pereirón (coordenadas UTM 566188 – 4795274, xeográficas 08° 11'02,15" – 43° 18'23,79"). Emp.: Chaira. Alt.: 201 m. Reg.: 255 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 16 m N-S x 15 L-O x 0,50 de alto; burato de violación de 3 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular, está achaiada polas labores agrícolas.

Santiago de Adragonte

Esta parroquia siúase na zona NL do concello, e xunto coa parroquia de Vigo, son as máis interesantes do concello. Nela localizamos catro túmulos (mapa 2) hai outro desaparecido e unha referencia topónimica.

4) Pozo do Croio-1 (coordenadas UTM 571621 – 4794141, xeográficas 08° 07'01,55 – 43° 17'45,27"). Emp.: Cume. Alt.: 383 m. Reg.: 430 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Matorral e monte baixo. Med.: 14 m N-S- x 15 L-O x 0,60 de alto. Est.: Bo.

5) Pozo do Croio-2 (coordenadas UTM 571727 – 4794173, xeográficas 08° 06'56,83" – 43° 16'46,24"). Emp.: Cume. Alt.: 386 m. Reg.: 420 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Matorral e monte baixo. Med.: 18 m N-S x 16 L-O e unha altura que oscila entre 2,20 m polo S a 1,20 polo L; burato de violación 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo a pesares de estar cortada polo L, O e N, por unha saca de pedras (fotos 2 e 3).



Fotos 2 e 3.- Mámoa do Pozo do Croio-2.





Foto 3.- Mámoa do Monte da Rampla.

6) Porto dos Carros (coordenadas UTM 571769 – 4793924, xeográficas 08° 06'55,09" – 43° 17'38,19"). Emp.: Ladeira. Alt.: 368 m. Reg.: 150 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 19 m de Ø x 0,80 de alto. Est.: Bo. Está cortada pola una gabia a valado de pedras de N a S.

7) Mámoa do Monte de Rampla (coordenadas UTM 572086 – 4793987, xeográficas 08° 06'40,99" – 43° 17'40,12"). Emp.: Ladeira. Alt.: 392 m. Reg.: 226 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 17 m N-S x 16 L-O x 1,80 de alto, burato de violación 4,5 m de Ø x 0,80 de profundidade. Est.: regular, está cortado ó SL pola estrada DP-3902 (foto 3).

No PXOM do concello está incluído no lugar de Ventosa (Areas) o xacemento de A Medoña, pero como xa se indica no PXOM realizado en 2009, o xacemento foi destruído na súa totalidade.

Nesta mesma parroquia tamén localízase o topónimo de As Medorras, no lugar de Regueiro (Areas), pero no que non localizamos ningún xacemento.

San Xiao de Vigo

É a parroquia máis grande en extensión do concello, e se encontra situada na zona L-SL do mesmoo. Como xa indicamos ésta xunto coa anterior son as zonas máis interesantes deste concello. Nela atopamos cinco túmulos (mapa 2) e dúas referencias toponímicas.

8) Mámoa de Cal do Pico (coordenadas UTM 572247 – 4793888, xeográficas 08° 06'33,90" – 43° 17'36,86"). Emp.: Ladeira. Alt.: 396 m. Reg.: 52 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.:

Arborado de repoboación. Med.: 22 m N-S x 21 L-O e unha altura que oscila entre os 2 m polo S e 1,20 polo N. Est.: Bo, a pesares de estar cortado por un valado ó O.

9) Mámoa do Cal das Maricas (coordenadas UTM 571953 – 4793421, xeográficas 08° 06'47,16" – 43° 17'21,82"). Emp.: Chaira. Alt.: 375 m. Reg.: 142 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 16 m de Ø x 0,70 de alto; burato de violación de 3,50 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Bo.

O grupo de Brañas Chas, está formado por catro túmulos un deles, no concello de Irixoa³ e os outros tres no concello de Paderne.

10) Brañas Chas-1 (coordenadas 572007 – 4792957, xeográficas 08° 06'44,99" – 43° 17'06,76"). Emp.: Chaira. Alt.: 406 m. Reg.: 510 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 17 m N-S x 20,50 L-O x 1,20 m de alto; burato de violación 6 m N-S x 7 L-O x 0,40 de profundidade. Est.: Bo.

11) Brañas Chas-2 (coordenadas 571989 – 4792983, xeográficas 08° 06'45,77" – 43° 17'07,61"). Emp.: Chaira. Alt.: 406 m. Reg.: 535 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 22 m N-S x 21 L-O x 1,70 de alto; burato de violación 4 m de Ø x 0,50 de profundidade. Est.: Bo.

12) Brañas Chas-3 (coordenadas 571962 – 4792959, xeográficas 08° 06'46,98" – 43° 17'06,84"). Emp.: Chaira. Alt.: 406 m. Reg.: 560 m. Subst.: Granito de dúas micas. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 24 m N-S x 27 L-O e unha altura que oscila entre os 2,40 m polo S as 2 m polo N: Est.: Bo.

Así mesmo atopamos dúas referencias toponómica: As Medorras ou Monte das Medoñas no lugar de Esperela, e A Medoña cerca de Donín, pero sin ningún xacemento visible.

CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Durante este traballo foron localizados doce túmulos, os que habería que sumarlle un túmulo na parroquia de Adragonte que está reseñado no PXOM, aínda que xa figura como destruído no 2009, polo que non o incluiremos nestas consideracións o non ter tódolos datos necesarios para verificar que realmente se situaba neste emprazamento. Ademais temos unha referencias bibliográficas e cinco referencias toponómicas.

A xulgar polas referencias toponómicas e bibliográficas a ben seguro que habería moitos túmulos máis, xa que amplas zonas deste concellos non puídeon ser prospectadas.

Dende o punto de vista xeográfico: o emprazamento maioritario destes xacementos tenden a situarse nas chairas (58 % - 7 túmulos) seguidos polos emprazamentos en ladeira (25% - 3 túmulos), e por último os 2 situados en cume (17 %).

En canto á altitude, os datos que nos aporta está análise non son moi significativos xa que a maioría dos túmulos (83 % - 10 túmulos) se encontran nas cotas máis elevadas do concello entre os 368 a 406 m; un túmulo na cota de 255 m e os outros dous restantes en cotas inferiores os 200 m (182 e 131 m respectivamente).

En referencia á relación dos túmulos cos cursos de auga, podemos constatar que a maioría deles están bastantes separados dos cursos de auga, así pois hai 3 túmulos situados a máis de 500 m (entre 570 e 511 m), outros 3 entre los 430 a 365 m, 2 túmulos entre os 255 e 226 m; 3 entre los 150 e 142 m e tan só 1 túmulo cerca dun curso de auga, a 52 m.

³ Grupo de Arqueoloxía Terra de Trsancos «Túmulos prehistóricos no Concello de Irixoa (A Coruña)», *Anuario Brigantino* 2010, nº 33, túmulo nº 45, pág. 23.

Ó respecto do substrato xeolóxico sobre o que se asentan os túmulos, este concello ten dúas zonas claramente diferenciadas ó O cuarzoeskistos no que se sitúan os 3 túmulos, os situados nas parroquias de Viñas e Velouzas, e os 9 túmulos situados ó L do concello que se corresponden cos situados nas parroquias de Adragonte e Vigo.

En canto ás consideracións propias destes xacementos podemos dicir que en liñas xerais a maioría dos túmulos, teñen unhas medidas superiores a resto dos localizados nos concellos limítrofes, así pues: 4 túmulos (33 %) miden como mínimo nun dos seus eixos entre 15 a 17 m. Con medidas de entre 18 e 20 m (17% - 2 túmulos); entre 20,5 a 22,5 m (22 % - 4 túmulos); un de 27 m (o nº 29) e o nº 1 (Mámoa do Rapadoiro) cunhas medidas máis que notables. Un eixo de 31 e outro de 38 m, que o cobreren no túmulo máis grande no só deste concello, senón de tódolos localizados ata a fecha na zona do Baixo Eume.

Ó respecto da súa altura, a maioría presentan unha altura bastante notable nestes momentos. Cunhas medidas que oscilan entre os 0,50 e 0,80 m hai 5 túmulos (42%); mentres que 4 túmulos (33%) conservan unha altura de entre 1,20 e 1,80 m, e os 3 restantes (25 %) cunha altura superior e que oscila entre os 2 e 2,40 m.

Se ben este dato de altura podería significar que a maioría dos túmulos están en bo estado de conservación e que non se veron afectados pola labores agrícolas, nada máis lonxe da realidade, xa que a maioría dos túmulos (10) presentan burato de violación e tan só 2 non, que sen embargo son máis achaiados (0,50 e 0,60 m de alto); ademais 3 deles están cortados por unha gabia o valado de fincas, outros 2 por unha pista ou estrada e 1 por unha saca de terra ou canteira.